


BOLETÍN DE EXERCICIOS DE SKETCHUP 6

Ignacio Ríos Suárez

EXERCICIO 0:



Dende o aspecto inicial:



Poñer o entorno co conxunto grande de ferramentas e as vistas:

sen instructor

con instructor



EXERCICIO 1:


Debuxar liñas dende a orixe, unha a continuación da outra:

- ✓ De 100 cm paralela o eixo azul.
- ✓ De 200 cm paralela o eixo vermello.
- ✓ De 300 cm paralela o eixo verde.
- ✓ De 400 cm paralela o eixo azul.

Pistas:

- Co cursor bloqueamos as inferencias.
- Podemos teclear directamente as lonxitudes.

Solución:



EXERCICIO 2:


- ✓ Crear unha escena empregando so compoñentes.

Pistas:

- No menú “ventana” tes a opción “componentes” para seleccionar por grupos o que te interese.

- Podes descargar do internet outros modelos tamén gratuítos.

Solución:



EXERCICIO 3:


- ✓ Creamos un cubo de 1 metro de lado.
- ✓ O lado creamos un prisma hexagonal de 50cm en todas as arestas salvo a do alto que será dun metro.
- ✓ Tamén cremos unha pirámide de base cadrada.

Pistas:

- Primeiro debuxamos as bases dos polígonos.
- Con empurrar/tirar creamos os dous primeiras polígonos.
- Debuxamos un punto intermedio na pirámide cruzando liñas.
- Creamos unha liña vertical de 100cm.
- Debuxamos as liñas que falta e as superficies son creadas automaticamente.

- Borramos as liñas que sobran.
- Pintamos as superficies para mellorar o aspecto visual.

Solución:




EXERCICIO 4:

- ✓ Creo un cubo de 1 metro de lado.
- ✓ Creamos tres copias iguais.
- ✓ Engadimos acotacións nos lados dun deles.

Pistas:

- Primeiro debuxamos un cubo seguindo os pasos do exercicio anterior.
- Facemos as copias mantendo premido a tecla control e empregando a ferramenta "Mover/Copiar". Previamente teremos seleccionado o cubo.
- Debuxamos as acotacións ca ferramenta "acotar" e poñemos a etiqueta.

Solución:



EXERCICIO 5:

- ✓ Crear un cilindro de radio 100cm e alto 400cm.
- ✓ Crear unha esfera de 100cm.
- ✓ Crear un toro de 100cm e tubo de 20cm.
- ✓ Crear un cono de radio 100cm e 500cm de alto.


Pistas:

- Primeiro debuxamos un o cilindro creando a base circular e empregando a ferramenta de "Empujar/tirar".
- Crear o círculo como para o cilindro e copialo enriba. Rotalo 90 grados. Empregar a ferramenta "Sígueme" sobre a circunferencia inferior. Resulta a circunferencia.
- Crear dous círculos de 100cm e de 20 cm. Rotar un deles 90 grados respecto o outro. Seleccionar o circulo grande e empregar a

ferramenta “Sígueme” premendo sobre o círculo pequeno. Borramos os círculos iniciais.

- Creamos un cilindro de 100cm de radio e 500cm de alto. Seleccionamos o círculo superior e modificamos a escala dende unha esquina e dende a oposta o mais próximo a cero posible. Formamos así o cono.

Solución:



EXERCICIO 6:

- ✓ Crear un diseño libre orixinal ou non.

